

A XOANIÑA

(CONTOS DO TIO-VIVO)

Pepe Salvadores

Pepe Salvadores



Na nosa cultura, a postura con respecto ao reino animal está sustentada en que só aqueles animais dos que consideramos que lles podemos sacar algún proveito gozan da simpatía necesaria para saír indemnes ao topar con nós. O aproveitamento que podemos tirar deles pode ser alimentario, económico, para o deleite dos nosos sentidos ou, o que é moi importante, que teña algún valor feiteceiro.

Con esta actitude son moi escasos os insectos que gozan do cariño do noso pobo. Sendo xenerosos podemos contar, pouco máis que cos dedos das mans, os pequenos seres que son aceptados, tolerados e valorados pola nosa xente. Un deses bichiños queridos é a xoaniña.

A xoaniña é dos insectos máis populares. Sería ocioso describila xa que é ben coñecida por todos e todas. A semiesfera que forma o seu corpo de escasos 8 milímetros está decorado cun vermello vivo salpicado de puntos negros como negras son a diminuta cabeza e as pequenas patas. Estas cores fan unha combinación perfecta, moi atractiva e inconfundíbel.

O que non é tan sabido é que os científicos lle chaman "Coccinella septempunctata", e que, ademais da

recoñecida xoaniña, hai outras moitas da mesma familia coas que seguramente nos temos atopado algunha vez. Tampouco sabe a maioría que a xoaniña é parente dos indesexábeis escaravellos, cos que ten moitas semellanzas; ou que sofre metamorfose, polo que nalgún momento é un puro e simple verme. Tampouco e coñecida a súa potencia de reprodución que resulta ser grandiosa, non pola enerxía que simula nun divertido anuncio de coches onde dúas xoaniñas avalan o vehículo no seu xogo amoroso, senón pola súa capacidade reprodutora. Unha soa femia pode chegar a producir centos de miles de crías.

Outra descoñecida característica deste insecto é que os adultos, pero principalmente as larvas, gustan de alimentarse con esfameada saña dos molestos pollos, ou piollos, eses parasitos que mortifican as plantas cultivadas. Por certo que, esta ansia carnívora pode utilizarse na loita biolóxica contra varias pragas, podendo substituír aos venenosos insecticidas sempre agresivos e perigosos. Pero esta práctica ten aínda moitas dificultades para a súa aplicación, comezando porque hai que recoñecer os vermes, as larvas da xoaniña, e non eliminálos.

Así pois, as razóns polas que se aprecia tanto a este insecto non as teño nada claras. Por ser un insecto inofensivo ou por ter un deseño atractivo non é suficiente, xa que moitos outros cumpren estes requisitos. Por ser útil para a agricultura tampouco, pois na actualidade non é suficientemente recoñecido este uso e hai incluso quen pensa que as xoaniñas son as que atraen os pollos. Por que entón se lle quere tanto? Quizais a resposta nola dean as cántigas que se lle dedicaban cando, postas na man, agardabamos que voaran.

Unha delas, posibelmente a máis estendida, era aquela que dicía:

Rei, rei,
centos anos viverei,
25, non o sei
1,2,3,4...

Nesta cantiga a xoaniña é adiviña. Noutra da Pontenova, que recitaba Soco, parece ter moi boa relación co deus do Universo, dicíalle:

Reichín, reichín
Vaille dicir
O teu padrín
Que mañá veña solín

Na que me contaba Pepa de Roblido, no sur de Ourense, onde á xoaniña lle din "bouxiño", tamén tiña relación co Altísimo, e dinlle:

Bouxiño de dios
abre as alas
e vaite con dios

Ou nestoutra, xa coñecida e que me lembrou Laura, unha alumna de Silleda de quince anos que aprendera da súa avoa, e dicía:

Xoaniña
voa, voa
que che hei dar
pan de boroa

Laura, cando mo contaba xa me advertía moi convencida: "e é verdade que voa".

Eu podía terlle dito algunha cousa pero calei para non derramar a maxia que acompaña á xoaniña que, non me aclara moito, pero paréceme ben fermosa.

Pepe Salvadores



Adalia bipunctata, en Lourenzá (A Mariña).

